

**Expediente nº 4081-449****ASUNTO: VISADO MUNICIPAL DAS LICENCIAS DE TAXI ANO 2023**

De conformidade co establecido no artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo "A validez dos títulos habilitantes para o exercicio da actividade de taxi como titular dunha licenza, quedará condicionada ao seu visado periódico que realizarase de conformidade co disposto no artigo 18 da lei 4/2013 de 30 de maio e na orde prevista neste ultimo, no regulamento de desenvolvemento da Lei de data 13 de setembro e demais disposicións que poidan ditarse n cumprimento dos mesmos.

E engade o citado artigo que, "o Concello realizará o visado da licenza municipal no prazo dun ano do visado da autorización interurbana, e este sexa anotado no Rexistro de Títulos habilitantes con indicación do período de validez do mesmo."

Dado que o visado da autorización interurbana se realizou durante o ano 2022, procede a realización do visado municipal durante o ano 2023.

De conformidade co citado artigo 16 para a realización do visado municipal o Concello establecerá un calendario así como os requisitos que deben ser xustificadas polo titular da licenza e a forma de xustificalos."

Como queira que aínda non se ten desenvolto un procedemento específico estarase ao disposto no artigo 14 do Regulamento da lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia no que se regula a presentación polo titular da licenza de taxi duna declaración responsable na que manifieste, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi para a que lle habilita a licenza e que xustificaron o seu outorgamento, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando se le requira, e que se compromete a mantelas até o próximo visado.

De conformidade co disposto no mencionado artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, así como no decreto de delegación de competencias de datas 18 e 26 de xuño de 2019.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO:** Fixar durante o ano 2023, o seguinte calendario para a realización do obrigatorio visado municipal:

En xaneiro	os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 1
En febreiro	os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 2
En marzo	os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 3
En abril	os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 4
En maio	os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 5
En xuño	os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 6



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/01/2023 08:46	Páxina 1 de 2
4081-449	CSV: AHAFB2-EA42BD-23544E-J6H6AM-4M91HH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SERVIZO DE  
TRANSPORTES

ÁREA DE FOMENTO E  
SERVIZOS

CONCELLO  
DE VIGO



En xullo os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 7  
En setembro os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 8  
En outubro os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 9  
En novembro os titulares de licenzas municipais dos NIF que rematan en 0

**SEGUNDO:** Os titulares da licenzas municipais para obter o visado municipal, deberán presentar una declaración responsable na que manifesten, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi para a que lle habilita a licenzia, e que xustificaron o seu outorgamento, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando se le requira, e que se compromete a mantelos até o próximo visado.

Achegase modelo de declaración responsable.

**TERCEIRO:** Deberán aportar xunto coa declaración responsable, os certificados en vigor de estar ao corrente coa seguridade social, e a facenda publica estatal e autonómica.

ASINADO DIXITALMENTE:

O CONCELLEIRO-DELEGADO DE AREA.....Fco. Javier Pardo Espiñeira  
( Decreto de delegación de competencias de 18 e 26 de xuño de 2019 e Texto Consolidado de 4 de setembro de 2020)

A SECRETARIA DE ADMÓN. MUNICIPAL.....Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/01/2023 08:46	Páxina 2 de 2
4081-449	CSV: AHAFB2-EA42BD-23544E-J6H6AM-4M91HH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		